

**AGRUPAMENTO EUROPEO DE COOPERACIÓN  
TERRITORIAL DO RÍO MIÑO  
-AECT RIO MINHO-**



**RENDICIÓN DE CONTAS  
E  
INFORME DE ACTIVIDADES**

**DO ANO 2018**

## 1. MARCO

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño, en adiante **AECT Rio Minho**, é unha persoa xurídica de dereito público, constituída pola Comunidade Intermunicipal do Alto Minho e a Deputación Provincial de Pontevedra, co obxectivo de promover a cooperación territorial transfronteiriza.

O **AECT Rio Minho** foi constituído ao abeiro do Regulamento (CE) núm. 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo, modificado polo Regulamento (UE) núm. 1302/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, a través dunha escritura pública asinada o 24 de febreiro de 2018, acto que foi publicado na 2.<sup>a</sup> serie do *Diário da República Portuguesa* do 8 de marzo de 2018 e rexistrado no Comité das Rexións europeo.



1.1. Asemblea Xeral de constitución

O territorio de intervención do **AECT Rio Minho** abrangue 10 concellos que forman parte da **CIM Alto Minho**: Arcos de Valdevez, Caminha, Melgaço, Monção, Paredes de Coura, Ponte da Barca, Ponte de Lima, Valença, Viana do Castelo e Vila Nova da Cerveira; e 16 concellos dos que integran a **Deputación Provincial de Pontevedra**: Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, A Guarda, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, Oia, Pontearreas, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui.



1.2 Territorio de intervención

O **AECT Rio Minho**, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento e reforzar a cohesión económica e social do seu territorio, ten como atribucións articular o espazo común e promover as relacións de cooperación territorial, aumentar a cohesión institucional do territorio de intervención, promover o patrimonio cultural e natural transfronteirizo, promover o espazo do AECT Rio Minho no exterior para valorizar as potencialidades dos recursos endóxeos e tamén crear e consolidar a marca turística transfronteiriza Río Miño e outras marcas no ámbito nacional e internacional.

O Consello Coordinador constituíuse o 23 de marzo e o 6 de xuño tivo lugar a Asemblea Xeral de constitución e aprobación do Plan de actividades e orzamento para o ano 2018, que permitiu a posta en marcha formal da actividade do AECT Rio Minho.



1.3 Consello Coordinador

En 2018, o AECT Rio Minho concentrou gran parte dos seus recursos en actividades de consolidación institucional na rexión a través do estreitamento das relacións coas dinámicas locais de cooperación transfronteiriza, do apoio á implementación do proxecto "Smart Miño", cofinanciado polo Interreg V-A, (en especial o proceso de planificación estratéxica en curso), e da presentación do AECT Rio Minho a entidades rexionais, nacionais e europeas.

Houbo tamén un esforzo moi significativo na promoción de actividades que contribúan á preservación e valorización do Río Miño Transfronteirizo (en particular a estruturación da marca Río Miño), en concreto no apoio á CIM Alto Minho e á Deputación de Pontevedra na coordinación e implementación do proxecto "Visit Rio Minho", aprobado polo programa Interreg V-A.

Hai que destacar tamén o soporte regular que, no ámbito do protocolo realizado coa Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira, se lle deu ao proxecto "Amizade Cerveira-Tomiño".

A concreción dos obxectivos e metas fixadas para 2018 non se podería conseguir sen o empeño e mobilización dos recursos humanos e técnicos das entidades asociadas, para as cales deixamos aquí constancia do noso recoñecemento, e que foron fundamentais para a posta en marcha e o desenvolvemento dos primeiros seis meses de actividade do **AECT Rio Minho**.

## 2. ACTIVIDADES MÁIS RELEVANTES

A intervención do AECT Rio Minho en 2018 tivo como base a implementación das seguintes actividades máis relevantes, que contribuíron á consecución da súa misión:

### I. Actividades de consolidación institucional e desenvolvemento territorial do Río Miño Transfronteirizo

#### 1.1 Consolidación institucional do AECT Rio Minho

Constituído en febreiro de 2018, o AECT Rio Minho promoveu un conxunto de actividades que tiveron como fin a súa posta en marcha funcional e a consolidación institucional na rexión; en canto á posta en funcionamento en 2018, creáronse as condicións de xestión financeira e de procedementos xurídicos necesarias para o bo funcionamento do AECT Rio Minho, ademais da articulación de recursos humanos e técnicos da CIM Alto Minho e da Deputación de Pontevedra, responsables da implementación dos proxectos aprobados no ámbito do programa Interreg V-A.

En canto á consolidación institucional na rexión, o foco inicial estaba na relación coas dinámicas bilaterais de cooperación transfronteiriza no río Miño (Cerveira-Tomiño, Valença-Tui, A Guarda-O Rosal-Caminha, Monção-Salvaterra-As Neves, Melgaço-Arbo), paralelamente, de acordo co artigo 9 dos Estatutos, á preparación do proceso de posta en marcha do Consello Consultivo (que incluíu o envío dun dossier-convite en outubro a un conxunto de 25 entidades rexionais e nacionais de Portugal e España), que se prevé que sexa posto en funcionamento no primeiro semestre de 2019.

Co obxectivo de proceder á presentación institucional do AECT Rio Minho e defender unha nova visión estratéxica para o territorio do Río Miño Transfronteirizo, así como para a aplicación de fondos comunitarios nas rexións de fronteira entre Portugal e España, entregouse un memorando nas reunións co secretario de Estado de Desenvolvemento Regional (Lisboa, 21 de novembro), coa Presidencia da CCDR-N (Porto, 27 de novembro) e co secretario de Estado de Valorização do Interior (Pedrogão Grande, 18 de decembro).



2.1 Acci3ns de presentaci3n institucional

## 1.2 Implementaci3n do proxecto "Smart Mi3o"

A candidatura **Estratexia de Cooperaci3n Intelixente do R3o Mi3o Transfronteirizo**, "Smart Mi3o", destinada a promover a planificaci3n estrat3xica transfronteiriza, apoiar a constitu3n e consolidaci3n do AECT Rio Minho e aplicar proxectos piloto nas 3reas dos transportes, a mobilidade e a cultura, ten como socios a Deputaci3n de Pontevedra (beneficiario principal), a CIM Alto Minho, a Fundaci3n Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (FCEER) e o AECT Rio Minho (novo beneficiario). A s3a reformulaci3n substancial foi aprobada polo programa Interreg V-A en setembro de 2018, co mantemento do investimento global de 942.022,47 euros, distribuidos pola CIM Alto Minho (116.693,27 euros), pola FCEER (162.443,9 euros), pola Deputaci3n de Pontevedra (478.315,29 euros) e polo AECT Rio Minho (184.750 euros), ata o 31 de decembro de 2019.

No segundo semestre de 2018, o AECT Rio Minho apoiou a coordinaci3n da implementaci3n do proxecto, concretamente a trav3s da participaci3n no Comit3 T3cnico deste, que xunta representaci3n t3cnica dos 4 socios co obxectivo de articular a planificaci3n das actividades que se realizar3n. Coordinou tam3n, en conxunto coa CIM Alto Minho e a Deputaci3n de Pontevedra, a suprarreformulaci3n da candidatura, en concreto para que o AECT Rio Minho entrase como novo beneficiario e asumise formalmente o apoio 3 execuci3n dalgunhas acci3ns no exercicio de 2018 e outras no de 2019, xa da s3a responsabilidade, concretamente a participaci3n en 2 festivais de m3sica transfronteirizos, a organizaci3n dun foro cultural, a promoci3n de 2 pilotos de mobilidade suave e dos proxectos piloto de mobilidade urbana transfronteiriza.

Tamén en 2018, no ámbito da implementación da Actividade 1. Desenvolvemento da Estratexia Transfronteiriza Miño 2020, e no seguimento do traballo iniciado en 2017, apoiou a CIM Alto Minho, a Deputación de Pontevedra e a FCEER na coordinación do proceso de planificación estratéxica en curso para o territorio do Río Miño Transfronteirizo e no proceso de participación pública (presencial e virtual), en concreto a dinamización de 4 reunións sectoriais temáticas (I. Gobernanza do Territorio Transfronteirizo, Tui, 24 de setembro; II. Cultura e Comercio Local, Valença, 27 de setembro; III. Mobilidade, Servizos e Turismo Sustentable, Valença, 3 de outubro; IV. Sectores Produtivos, Tui, 8 de outubro), a promoción da segunda rolda de reunións coas e cos responsables políticos das dinámicas bilaterais transfronteirizas (Cerveira-**Tomiño**, 25 de outubro; Valença-**Tui**, 2 de outubro; A Guarda-O Rosal-**Caminha**, 16 de outubro; Monção-**Salvaterra**-As Neves, 10 de outubro; Melgaço-**Arbo**, 11 de outubro), e na organización dos 2 foros de participación que tiveron lugar en Valença (21 de xuño) e Tomiño (29 de novembro). En todo este proceso de participación pública implicáronse arredor de 500 persoas dos dous lados da fronteira.



2.2 Proceso participación pública Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030

En 2018, o AECT Rio Minho, ademais, promoveu e participou en 2 reunións de traballo relacionadas co Estudo do Patrimonio Inmaterial–Pesqueiras do Río Miño, da responsabilidade da CIM Alto Minho.



**2.3 Reunión Grupo de traballo Pesqueiras do Río Miño**

No ámbito deste proxecto, o AECT Rio Minho promoveu as seguintes accións de presentación:

- Bruxelas, 7 e 8 novembro, en colaboración coa Asociación Europea de Rexións Fronteirizas (ARFE): presentación do AECT Rio Minho e identificación de oportunidades de intervención no próximo período de apoio dos fondos comunitarios na Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais; no Parlamento Europeo; na Dirección Xeral de Política Rexional, no Comité das Rexións e no Pacto dos alcaldes:



**2.4 Acciones de presentación en Bruxelas.**

- Madrid, 11 de decembro, Dirección Xeral de Fondos Europeos: presentación do AECT Rio Minho á subdirectora xeral de Cooperación Territorial Europea.



### 1.3 Outros proxectos

Dentro do protocolo realizado coa Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira o AECT Rio Minho apoiou, en 2018, a coordinación técnica do proceso da Axenda Estratéxica Cooperación Transfronteiriza Cerveira-Tomiño, na que destacan as seguintes actividades:

- Participación nas reunións do Comité de Xestión Estratéxica (CXE) e en diversas reunións de colaboración entre a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira e o Concello de Tomiño
- Coordinación xeral da candidatura presentada ao programa Interreg V-A, Axenda Estratéxica de Cooperación Transfronteiriza-Amizade Cerveira Tomiño



2.5 Reunión CGE Cerveira-Tomiño

## III. Actividades de conservación e valorización do río Miño

### 2.1 Implementación do proxecto "Visit Rio Minho"

A candidatura Preservación e Valorización do Río Miño Transfronteirizo, Visit Rio Minho, dirixida á preservación e valorización do río Miño transfronteirizo como destino ecoturístico de excelencia, que ten como socios a CIM Alto Minho (beneficiario principal), a Deputación de Pontevedra, os municipios de Paredes de Coura, Melgaço, Vila Nova de Cerveira, Valença, Monção e Caminha, a Fundación Centro de Estudos Eurorexionais Galiza-Norte de Portugal, o Centro Tecnolóxico do Mar e a Universidade de Vigo, foi aprobada polo Programa Interreg V-A cun investimento global de 2 millóns de euros, distribuídos entre os beneficiarios portugueses (500.000 euros), e os beneficiarios galegos (1.500.000 euros).

No segundo semestre de 2018 o AECT Rio Minho promoveu a coordinación da implementación do proxecto en asociación coa CIM Alto Minho (como beneficiario principal), especialmente a través da coordinación e dinamización de 2 reunións do grupo de dirección

do proxecto, que xunta representación técnica dos 11 socios co obxectivo de planificar a implementación das diferentes actividades.




2.5 Reunión GDP en Valença

Coordinou tamén, en conxunto coa CIM Alto Minho e a Deputación de Pontevedra, a reformulación da candidatura (aprobada xa en febreiro 2019), fundamentalmente para que o AECT Rio Minho entrase como novo beneficiario e asumise a execución dalgunhas accións no exercicio de 2019 relacionadas coa Actividade 1. Estruturação da marca Río Miño, en concreto o estudo da marca Río Miño, a participación en 2 feiras e a promoción dunha fam-press trip ao territorio do Río Miño Transfronteirizo. Para facer esta articulación no posicionamento estratéxico da marca Río Miño, o AECT Rio Minho promoveu, xa en 2018, a realización dun procedemento de contratación pública para o *branding* da marca Río Miño e a súa aplicación nos diversos *outputs* previstos no proxecto que foi contratado en decembro.

## 2.2 Outros proxectos

Dentro do ámbito da temática deste proxecto o AECT Rio Minho herdou da Uniminho un conxunto de *outputs* do proxecto "ECOTUR" (Plano de Expansão dos Corredores Verdes, Repositorio Rede Natura 2000, guías ECOTUR, paneis de Interpretación e APP ECOTUR), que foron aproveitados para o proxecto "Visit Rio Minho" tendo en conta o seu potencial de aplicabilidade e nunha lóxica de continuidade na persecución dos mesmos obxectivos globais.




### 3.1 Participación en candidaturas

Co obxectivo de obter recursos e promover condicións para o desenvolvemento da súa misión e particularmente alimentar as actividades anteriores o AECT Rio Minho presentou en 2018 as seguintes candidaturas á 2.<sup>a</sup> convocatoria do programa Interreg V-A:

- Visit Rio Minho Plus: proxecto que ten como obxectivo global continuar coa capitalización da marca Río Miño e cualificar e monitorizar unha rede de vías verdes transfronteirizas, cun investimento global de preto de 3 millóns de euros ata o 31 de decembro de 2021. Os socios son a Deputación de Pontevedra, os municipios de Caminha, Melgaço, Monção, Paredes de Coura, Valença, Vila Nova de Cerveira, a Universidade de Vigo e o Centro de Estudos Eurorrexionais Galiza-Norte de Portugal. O AECT Rio Minho ten un investimento global previsto de 448.235,62 euros, coparticipado ao 75 % por fondos FEDER, e será responsable da coordinación xeral do proxecto, da implementación das actividades de consolidación da marca Río Miño, da monitorización da rede de vías verdes e da comunicación.

- Red LaB Minho: proxecto dirixido a apoiar as dinámicas bilaterais de cooperación transfronteiriza do territorio do AECT Rio Minho, cuxo único beneficiario é o AECT Rio Minho, cun investimento global de arredor de 431.745 euros, coparticipado ao 75 % por fondos FEDER. Implementaranse accións de capacitación e promoción do traballo en rede co obxectivo de crear unha plataforma colaborativa entre as dinámicas locais transfronteirizas, concretamente Cerveira-Tomiño, Valença-Tui, A Guarda-O Rosal-Caminha, Monção-Salvaterra-As Neves, Melgaço-Arbo.



### 3.2 Comunicación:

Durante 2018 publicáronse preto de 70 noticias en Portugal e en Galicia, na súa maioría relacionadas coa creación do AECT Río Miño e co proceso de participación pública de la Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030.



### 3. RENDICIÓN DE CONTAS

#### ANÁLISE FINANCIERA GLOBAL

#### Análise da execución orzamentaria-Ingresos

Durante a xerencia de 2018 (6 meses, de xullo a decembro), recadou se un total de **60.001,00 €**, o que se corresponde cunha execución orzamentaria do 79,20 % fronte ao previsto no orzamento.

#### Ingresos correntes

O valor de 60.001,00 € refírese integramente aos ingresos correntes e resulta:

- Da coparticipación ordinaria dos seus membros prevista para o ano 2018, con valor de 15.000,00 € (artigo 8 núm. 1 dos Estatutos): **15.000,00 €**
  - Deputación de Pontevedra: 15.000,00 €
  - CIM Alto Minho: non pagada
- Da coparticipación financeira inicial dos seus membros, con valor de 15.000,00 € (artigo 8 núm. 2 dos Estatutos): **30.000,00 €**
  - Deputación de Pontevedra: 15.000,00 €
  - CIM Alto Minho: 15.000,00 €
- Do Protocolo de colaboración asinado co municipio de Vila Nova de Cerveira, referente aos meses de xullo a decembro: **15.000,00 €**
- Outros ingresos correntes: **1,00 €**

Descrición	Valor	Porcentaxe
Correntes	60.001,00	100,0 %
Capital	0,00	0,0 %
<b>Total</b>	<b>60.001,00</b>	<b>100,00 %</b>

## Análise da execución orzamentaria–Gastos

Gastos ao longo da xerencia de 2018:

Cadro resumo da execución orzamentaria do gasto

Descrición	Valor	Porcentaxe
Correntes	37.786,69	89,8 %
Capital	4.305,00	10,2 %
<b>Total</b>	<b>42.091,69</b>	<b>100,00 %</b>

A execución orzamentaria do gasto fixouse no 55,5 %.

O PPI tivo execución orzamentaria no exercicio de 2018 co 100 % do previsto para os gastos de capital.

En resumo:

Descrición	Valor
<b>Saldo da xerencia anterior</b>	
<b>(Op. orzamentarios)</b>	<b>0,00</b>
Ingresos globais de 2018	60.001,00
Gastos globais de 2018	42.091,69
<b>Saldo para a xerencia seguinte (Op. orzamentarios)</b>	<b>17.909,31</b>

Verificouse en 2018 un superávit orzamentario cun valor de 17.909,31 euros. Na xerencia de 2018 cumpríronse as regras do equilibrio orzamentario contempladas na redacción actual do Regime Financeiro das Autarquías Locais e das Entidades Intermunicipais, máis restritivas en relación ás previstas no POCAL; o saldo corrente, deducido da amortización media dos préstamos de medio e longo prazo existentes, xera un superávit de 22.214,31 euros, segundo describe o cadro de abaixo.

### Equilibrio Corrente Orçamental

		Unid: euro
<b>Despesa Corrente + Amortizações médias de empréstimos de MLP ⇐ Receita corrente bruta cobrada</b>		
a	Despesa Corrente	37.786,69 €
b	Amortizações médias de empréstimos de MLP	- €
c= a+b		37.786,69 €
d	Receita corrente bruta prevista	60.001,00 €
e=d-c	Saldo	<b>22.214,31 €</b>

#### Análise da situación económica e financeira

Esta análise económica e financeira sintetiza os resultados obtidos polo **AECT Rio Minho**, ademais da súa situación patrimonial e financeira o 31 de decembro de 2018.

#### Demostración de resultados

As contas relativas a este exercicio pecháronse cun resultado líquido positivo de 16.363,19 €.

Para este valor contribuíron un importe global de beneficios de 62.326,70 € e un importe global de gastos de 45.963,51 €.

#### Resultados operacionais

En 2018, os beneficios operacionais atinxiron o valor de 62.326,70 euros e foron resultado de:

- i) Recoñecemento como proveito do cofinanciamento por parte do POCTEP dos gastos correntes na primeira petición de pagamento no ámbito do proxecto "Smart Miño": 17.325,70 €-AD&Cohesión, I.P.
- ii) Coparticipacións ordinarias aprobadas para o exercicio de 2018 por parte dos membros do AECT Rio Minho: 30.000 €
  - a. CIM Alto Minho: 15.000 €
  - b. Deputación de Pontevedra: 15.000 €
- iii) Protocolo de colaboración co municipio de Vila Nova de Cerveira: 15.000 €

iv) Outros beneficios e ganancias operacionais: 1,00 €

É importante mencionar que, tal como era de esperar para este tipo de organización, preto do 100 % dos beneficios operacionais resultan de transferencias; destas, o 48,1 % provén dos membros do AECT Rio Minho, o 27,8 % resulta do cofinanciamento de proxectos comunitarios e o restante 24,10 % de protocolos de colaboración con outras entidades para o apoio no ámbito de proxectos transfronteirizos.

En relación aos custos operacionais débese mencionar que, sobre todo fronte aos baixos custos de funcionamento da entidade, o 80,3 % dos custos operacionais refírese a custos co Secretariado Técnico; por outro lado, o 19,7 % refírese a fornecemento e servizos externos, onde queda reflectido: toda a actividade de constitución e posta en marcha da entidade, os gastos xerais e de funcionamento e iniciativas promovidas polo **AECT Rio Minho** relacionadas cos proxectos. É importante deixar constancia de que en 2018 non se amortizou o software de xestión financeira, que integra o patrimonio da entidade, xa que se adquiriu ao final do ano e comezou a funcionar en 2019.

#### Composición dos resultados operacionais

Designación	31/12/17
<b>Beneficios operacionais</b>	
Vendas e prestación de servizos	0,00
Impostos e taxas	0,00
Transferencias e subsidios obtidos	62.325,70
Outros beneficios e ganancias operacionais	1,00
<b>Total de beneficios operacionais</b>	<b>62.326,70</b>
<b>Custos operacionais</b>	
Fornecementos e servizos externos	9.037,46
Custos de persoal	36.873,273
Transferencias e subsidios correntes concedidos	0,00
Amortizacións do exercicio	0,00
Outros custos e perdas operacionais	0,00
<b>Total de custos operacionais</b>	<b>45.910,73</b>



## Situación financeira e patrimonial

### Mapa-Evolución da débeda a terceiros

Unidade: euros

Designación	31/12/2018
Débeda de medio e longo prazo	
Débeda de curto prazo	
Fornecedores c/c	0,00
Fornecedores de immobilizado c/c	0,00
Estado e outros entes públicos	2.206,76
Outros debedores e acredores	0,00
<b>Total</b>	<b>2.206,76</b>

O 31 de decembro de 2018 o valor da débeda era de 2.206,76 €; deste valor, 1.423,38 € refírense a operacións de tesouraría, ou sexa, retidos en decembro de 2018, e que se pagarán en xaneiro de 2019. É importante mencionar que a débeda a terceiros, excluíndo operacións de tesouraría, é de só 783,38 €, o que se corresponde co 1,7 % dos fondos propios da entidade.


## PROPOSTA DE APLICACIÓN DE RESULTADOS

Segundo a redacción actual do punto 2.7.3 do Decreto lei núm. 54-A/99, de 22 de febreiro, a aplicación do resultado líquido foi aprobada polo órgano deliberativo mediante unha proposta do órgano executivo.

Cando haxa saldo positivo na conta 59-"Resultados trasladados", en termos contabilísticos, o seu importe pode ser repartido da seguinte forma:

- Reforzo do patrimonio
- Constitución ou reforzo de reservas

De acordo o disposto no citado diploma legal é, por un lado, obrigatorio o reforzo do patrimonio ata que o valor contabilístico da conta 51-"Patrimonio" se corresponda co 20 % do activo líquido, situación que xa se verifica e, por outro lado, prescribese o reforzo das "Reservas legais" no valor mínimo dun 5 % dos resultados líquidos.




Así, para cumprir a normativa legal, o **AECT Rio Minho** propón que o resultado líquido do exercicio, polo importe de 16.363,19 €, sexa aplicado da seguinte forma:

59-"Resultados trasladados" (95 %)	15.545,03 €
57-"Reserva legal" (5 %)	818,16 €

AECT Rio Minho, Valença, 4 de abril de 2019

O director,



---

Uxío Benítez Fernández

O vicedirector,



---

João Fernando Brito Nogueira